



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

XUÑO 2020

PROPOSTAS DA CIG-ENSINO CARA O CURSO 2020-21

DOCUMENTO BASE PARA A NEGOCIACIÓN DAS CONDICIÓNS DA
DOCENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALIZA

CIG-ENSINO

www.cig-ensino.gal

Propostas da CIG-Ensino cara o curso 2020/21

Introdución

A situación actual creada pola pandemia deixa ás claras que hai que facer un traballo previo de planificación para o curso 2020/2021, tanto de dotación e formación do profesorado como en organización dos centros educativos, e esta organización ten que tocar a docencia e a seguridade e saúde laboral. Debe partir de dous principios: o reforzo do ensino público e a consideración da educación presencial como elemento referencial e central do sistema educativo, mais tendo presente as necesidades tecnolóxicas das que poderemos precisar en calquera momento.

Esta planificación traerá consigo un aumento considerábel de investimento material e humano se queremos dar solución a un retorno ás aulas con limitacións ou a novos episodios de crises sanitarias. Así, é fundamental aumentar o número de profesorado que posibilite a baixada das ratios, xa que se algo demostrou o final do curso 2019/2020 é que a teledocencia só pode ser entendida como un complemento, que por si soa non é a solución, e non o é de ningunha maneira para as etapas iniciais e básicas do sistema educativo.

Nesta planificación haberá que contar con dous posíbeis escenarios, un de “normalidade alterada” polas limitacións sanitarias (distanciamento físico, alteración de espazos, medidas de protección e hixiene especiais) que tal e como xa dixemos terá que traer consigo un aumento de dotación orzamentaria, e outra, dun posíbel novo confinamento para o que desta vez si temos que estar preparadas.

Para que o sistema estea preparado a administración debe facer un estudo real de cal é a situación dos seus centros en canto a dotación tecnolóxica, de espazos e sobre todo asumir que chegou a hora de reverter todos os recortes de persoal dos últimos anos. Debe partir dunha análise previa e rigorosa das limitacións materias, tecnolóxicas e formativas de profesorado e alumnado durante este final de curso 2019/20.

Desde a perspectiva legal hai que superar as limitacións desta última década na contratación do profesorado, blindada polo acordo sindical estatal de estabilidade que deu por boa a taxa de reposición de efectivos e a limitación no número total de persoal docente nas cifras posteriores aos grandes recortes de profesorado. A primeira mostra de cara onde camiñará a Consellaría na resposta á situación derivada da pandemia imos tela xa antes de comezar o curso: non se pode permitir o peche de ningunha unidade nin



o agrupamento de aulas no rural, como tampouco se poden volver a producir autorizacións de matrícula por riba da ratio oficial. O curso 2020/21 debe comezar sen recortes e con previsión de incremento de aulas e profesorado. Non se pode pensar a curto prazo e provocar un novo incremento da contratación temporal. Hai que afianzar os cadros de persoal con continuidade, eliminando definitivamente a taxa de reposición e convertendo en emprego fixo a elevada eventualidade que será necesaria se a administración afronta con seriedade a crise actual. Nas medidas a adoptar, especialmente se temos en conta o recurso a materiais e contidos en liña, a cuestión do uso do noso idioma debe estar igualmente nos temas relevantes a ter en conta. O noso idioma debe ter uso pleno en todas as actuacións, recursos e contidos, como corresponde e conforme as disposicións, tratados e leis comunitarias e galegas. Resulta imprescindible antes de tomar decisións de cara ao curso próximo unha análise da situación actual dos centros e da comunidade educativa en xeral, desde os recursos dos que dispón cada centro, tanto de espazos físicos como recursos humanos ou técnicos, ás carencias formativas e de comunicación. A temporalización deste estudo debe permitir que se teñan todos os datos para poder concretar as medidas de cara a setembro.

Un estudo que non se debe limitar ao interior do centro senón que debe coñecer cales son as dotacións tecnolóxicas das familias e o seu acceso e coñecemento das redes. Neste sentido, o diálogo da escola cos servizos sociais de cada concello para coñecer realidades complexas ou conflictivas do alumnado, debe ser permanente e debe estar impulsado pola Consellaría de Educación. Po último, unha revisión da formación do profesorado en novas tecnoloxías para fornecelo de soportes e coñecementos que reduzan o nivel de estrés e inseguridade que a teledocencia incrementa.

Organizaremos as nosas propostas en cinco grandes eixes: **estrutural, laboral, educativo, sanitario e social.**

1.- Medidas estruturais.

Nunha situación como a vivida no final de curso 2019/2020 queda máis claro que nunca a importancia dun ensino público de calidade que busque a redución das diferenzas sociais entre o alumnado cun ensino de calidade como garante da inclusión e a equidade social.

A preferencia pola educación presencial. Temos que preparar os centros educativos para a nova situación. Debemos partir da educación presencial como referente, sabendo que as limitacións sanitarias poden implicar cambios importantes, tanto de organización de espazos como de recursos humanos así como nos horarios lectivos, tanto na duración das clases como no horario lectivo xeral.

Nos centros haberá que realizar adaptacións físicas de espazos para facilitar desdobres e diminucións de ratios, así como, na medida do posíbel, evitar desprazamentos do alumnado polo centro.

Vemos necesario estudar a reapertura de centros pechados nos últimos anos así como a dotación de profesorado nos centros para a apertura das máximas liñas posíbeis en todos os centros educativos do país.

A utilización de espazos que teñen unha función educativa propia (ximnasios, polideportivas, biblioteca, talleres, aulas de música) non pode facerse en detrimento das materias ou dos traballos que neles se realizan. A problemática de espazo dispoñíbel e de ratios elevadas en moitos centros fai necesario buscar alternativas que non limiten outras actividades lectivas dentro do centro. Para dar resposta puntual e excepcional a estas necesidades será necesaria a colaboración institucional da Xunta coa administración local e unha coordinación ben definida dos espazos municipais.

A organización da educación presencial terá que facerse en tres niveis:

- **Nacional:** a organización xeral de todo o sistema educativo galego, tendo en conta as limitacións ou consideracións sanitarias, as ratios que se estipulen, as normas xerais para todos os centros e a garantía de escolarización de todo o alumnado cos mesmos dereitos. Hai que ter en conta as adaptacións necesarias de servizos complementarios como o comedor, con independencia da modalidade de xestión que teña e do transporte escolar, así como de ofertas alternativas que existen en moitos centros e deben partir dunha regulamentación xeral para despois ser adaptada a cada centro (programas de atención ao alumnado previos ás actividades lectivas, actividades extraescolares).
- **Municipal ou por localidades:** as limitacións físicas dalgúns centros en determinados ámbitos, especialmente nos urbanos, poden implicar o traslado de alumnado e profesorado a diferentes centros. A afectación para o persoal docente e o alumnado e as súas familias debe reducirse ao mínimo e debe estar previsto con anterioridade ao inicio de curso escolar, regulando dereitos laborais, ámbitos de afectación así como a oferta a familias de solucións para facilitar os cambios. Neste ámbito será preciso

tamén reforzar, ou crear se non existe previamente, unha boa coordinación cos departamentos de servizos sociais dos concellos para dar resposta ás necesidades do alumnado con condicións persoais adversas derivadas da vulnerabilidade social e económica.

- **Centro educativo:** é o nivel fundamental e no que se deben centrar os esforzos para procurar dar solución ás necesidades derivadas do distanciamento e as necesarias ratios reducidas. Os centros deben xogar un papel destacado de cara a organización do curso, partindo sempre de protocolos e instrucións claras, xa que son os centros os que coñecen a súa propia realidade. En función das diferentes etapas educativas e das dimensións e posibilidades físicas dos centros, o establecemento de quendas pode ser unha alternativa. Tamén nesta situación deben regularse previamente as condicións laborais. O control das entradas, saídas, recreos ou uso de espazos comúns van ser tarefas complexas que terán que ser consideradas non só na súa necesaria organización previa senón tamén na distribución horaria de clases e tempos de lecer.

As alteracións de horarios ou mesmo de centros implicarían, con case total seguridade, importantes trastornos na **conciliación da vida laboral e familiar** tanto do profesorado como do conxunto das familias. No que afecte o profesorado esta casuística deberá ser negociada para facilitar que os posibles cambios poidan acomodarse ás obrigas de tutela. Directamente relacionado co horario tamén está o propio calendario escolar, que debe adaptarse ás medidas de protección sanitaria e aos cambios xa efectuados para probas extraordinarias ou de acceso.

O recurso á teledocencia ou a fórmulas mixtas como vías excepcionais.

Se algo quedou demostrado no confinamento do terceiro trimestre escolar é que hai que mellorar a **dotación tecnolóxica dos centros educativos**, para que tanto alumnado como profesorado poidan traballar conxuntamente con ferramentas que faciliten dar resposta a calquera eventualidade que se poida producir: desde a combinación da ensinanza presencial coa telemática ou coa obriga de novos confinamentos cunha revisión en profundidade da teledocencia se nos vemos obrigados a tal situación, dando prioridade á ensinanza presencial na medida do posíbel.

Esta preparación debe ir desde a **dotación de material** (recordemos que durante o 3º trimestres do 2019/20 o profesorado estivo utilizando os seus propios medios) como das necesarias conexións nos centros educativos e, se for preciso, nas casas de profesorado e alumnado. Esta obriga de dotación de material, caso de non ser posíbel, debe ser compensada retributivamente para o profesorado e mediante fórmulas como a desgravación fiscal para as familias.

Importante é tamén que todo o seguimento do alumnado se realice a través de medios telemáticos que non obriguen á presenza no centro, medios dos que a administración terá que dotar ao profesorado.

Nestes medios merécenos unha mención á parte a posibilidade de establecer **recursos onde ter toda a documentación, traballos e demais material**, sen ter que estar pagando servizos de almacenamento por parte do profesorado, e na medida do posíbel estes servizos deberían estenderse ao alumnado, sobre todo aos dos cursos superiores.

É de imperiosa necesidade unha **actualización das aulas virtuais** máis seguras e amigábeis no seu deseño, **e o establecemento de medios de traballo en grupo** para o profesorado co obxectivo de homoxeneizar os sistemas e ferramentas de traballo.

Nesta cuestión cobra especial relevancia unha **análise sobre as plataformas actualmente existentes** (a adaptación da plataforma EVA fóra do ámbito restrinxido do Edixgal, Moodle, etc..) como punto de partida para un **Sistema de Xestión da Aprendizaxe** (LMS) común, ben para toda a Consellaría ou, cando menos, para cada etapa educativa e sempre co obxectivo de dar cobertura a todos os centros, adaptándose ás diferentes etapas educativas e necesidades destas e, desde o noso punto de vista, partindo do fomento do software libre e multiplataforma, desenvolvido pola propia Xunta e garantindo a necesaria formación do profesorado e a dotación dun servizo de apoio técnico e formativo para todos os centros..

Nestas medidas estruturais non podemos esquecer a **comunicación coas familias e co alumnado**, o uso de redes e aplicacións como Abalar deben estenderse e mellorarse, para o cal é necesaria unha formación das familias, e nalgúns casos do profesorado. Será preciso, no referente a estas comunicacións, tanto dentro da actividade lectiva como na relación entre o profesorado e deste coas familias, con que permisos hai que contar e que directrices hai que seguir tendo en conta a LOPD.

Para o uso telemático de todas estas ferramentas as administracións deben facer o posíbel para que a fenda dixital e social quede salvada mediante a **dotación de medios de conexión**.

Un requisito fundamental a ter en conta nos soportes mais especialmente nos contidos que se poidan empregar na modalidade a distancia debe ser unha aposta pola súa **galeguización**. En momentos como os actuais cobran especial relevo as demandas que a CIG-Ensino vén expresando todos os cursos de que as licenzas de formación para creación de contidos e recursos estivesen centradas no uso da nosa lingua, en clara desvantaxe en todas as etapas educativas. A formación do profesorado tamén ten que ter un marcado carácter normalizador. Tamén é necesario dar resposta á nosa demanda de que os contidos de boa parte da educación a distancia previamente existente (FP) non

estivesen en galego, incumprindo mesmo a débil normativa de uso do galego no sistema educativo.

2.- Medidas laborais.

Desde a CIG-Ensino partimos de recoñecer o gran traballo realizado polo corpo docente no final de curso, asumindo de inmediato, en moitos casos sen formación previa, a teledocencia. Formándose en novas tecnoloxías á vez que xa as usaban co seu alumnado, poñendo horas e horas, superando todo o legalmente establecido., Hai que dotar os centros do profesorado suficiente para os dous escenarios dos que falabamos, e en ambos casos a ratio ten que baixar clara e definitivamente mais tamén as condicións nas que impartimos docencia, especialmente se nesta se inclúe formatos telemáticos ou mixtos.

É por tanto necesario **ampliar a formación do profesorado** e aumentar o número de docentes nos centros galegos e, ao tempo, **regular claramente o teletraballo**, o sobre esforzo realizado polo profesorado non pode continuar sen normas. A experiencia destes meses levou a traballar sen horarios, recibindo correos, notificacións, información ou convocatoria de reunións en calquera momento do día e calquera día da semana. Entre as normas a ter en conta, os claustros aprobarán un Protocolo de Comunicación Interna coas persoas traballadoras de cada centro educativo de acordo co enunciado na Lei de Protección de Datos, facendo especial fincapé no dereito á desconexión dixital e no uso de medios non privativos de comunicación para garantir a plena confidencialidade destas.

Por outro lado, o profesorado, que carga aínda ás súas costas coa perda de poder adquisitivo arrastrada da anterior crise económica, non pode continuar usando os seus recursos sen ningún tipo de **compensación por parte da administración**. Nin pode reproducirse a anomalía de que exista profesorado que non pode facer fronte á teledocencia por **vivir nunha zona sen cobertura** ou cunha tan débil que non permite desenvolver un traballo digno. As administracións públicas deben garantir que o seu persoal poida facer fronte ao teletraballo, chegado o caso, desde os seus domicilios, en limitacións técnicas.

Aspectos como o **horario lectivo**, diferenciando horario presencial e a distancia, **ratios en ambas modalidades**, a **regulamentación da desconexión** teñen que acompañar aos recursos e medios necesarios.

É preciso crear equipos de **asesoría tanto tecnolóxica como psicolóxica** para que o profesorado teña a quen recorrer se volvemos a ter que traballar desde as casas. O

traballo en equipo do profesorado, tanto presencial como telematicamente ten que ser potenciado. Cobran, tamén neste momento, especial relevancia as nosas demandas de **redución de horario lectivo** e de mellora na nosa **coordinación pedagóxica**. Do mesmo xeito tamén é precisa unha reflexión sobre o apoio pedagóxico e a adecuación dunha nova estrutura da rede de asesorías de formación para colaborar máis directamente cos centros ao tempo que é necesario perfilar seriamente as funcións que ten que realizar a **inspección educativa** nestes momentos, unha tarefa pendente do sistema educativo. Unha inspección que apoie, asesore e resolva problemas fronte a un modelo de control burocrático totalmente desfasado.

Non podemos deixar de lado **o papel de apoio do persoal non docente**, tanto de categorías profesionais actualmente existentes e que deberán ser reforzadas, como o persoal coidador, como doutras que xa demandabamos e que agora teñen máis sentido que nunca (traballo social, persoal sanitario, etc...).

Mención á parte precisa igualmente a necesidade de reforzar o servizo de limpeza dos centros educativos con máis persoa propio diante do incremento de traballo que vai implicar a incorporación xeneralizada do alumnado.

3.- Medidas educativas.

A administración ten que partir de recoñecer que unha situación excepcional non se pode solucionar sen solucións extraordinarias; a volta aos centros ten que ser con todos os recursos necesarios, tanto persoais como materiais, para recuperar as carencias que nalgunhas crianzas trouxo este período de confinamento.

A atención á diversidade. Un dos sectores máis prexudicados foi o do alumnado de necesidades específicas de apoio educativo e máis aínda o alumnado dos centros de educación especial. O labor neste ámbito do profesorado e as titorías en xeral, así como do profesorado de PT, AL e Orientación educativa en particular, viuse moi seriamente alterado e con moitas funcións imposibilitadas, malia o esforzos realizados. Os centros de educación especial, dadas as súas características, precisan dun estudo pormenorizado e unha seria negociación para tentar atopar as mellores solucións. En xeral, a suspensión da docencia presencial ten co alumnado con NEAE un déficit enorme. A atención tamén requirirá de novas ferramentas e máis apoio tanto de profesorado como de orientación educativa.

Máis alá das ensinanzas básicas e obrigatorias. Ensinanzas como as de réxime especial (deseño, música e artes escénicas), idiomas, persoas adultas ou FP teñen características propias que fan necesaria unha revisión das normas que con carácter xeral se poidan

adoptar para as ensinanzas básicas. Aspectos como a modificación da actual estrutura en módulos da ESA, a posta en marcha de módulos de competencia dixital mínima na enseñanza de adultos mais tamén noutras etapas educativas obrigatorias tamén deben ser tomados en consideración.

As ratios. En todas as etapas as ratios teñen que baixar, xa non só por unha cuestión sanitaria, senón por unha necesidade educativa. Hai moitos anos que as nosas demandas sindicais teñen encontrado respaldo en asociacións de nais e pais e mesmo en organismos internacionais que sitúan nas ratios un dos principais problemas para que un sistema educativo acade altos niveis de calidade. Na cuestión das ratios deben terse en conta non só as presenciais senón tamén as ratios das clases que xa se viñan prestando a distancia, como acontece no caso da FP, cuxa oferta tivo un importante incremento nos últimos anos. As ratios coas que se traballa na educación a distancia, como se puido comprobar agora en moitos outros niveis educativos, son moi elevadas e deben reducirse.

Respostas estruturais, non parches. Para a CIG-Ensino o esforzo que hai que realizar no curso 2020/2021 para paliar a fenda dixital e social, acrecentada pola pandemia, non se pode pretender facer cun PROA ou programas similares de carácter puntual e paliativo; precisamos cadros de persoal amplos, unha resposta estrutural e con continuidade e que se adiante aos problemas e causas do fracaso escolar. A propia experiencia durante o confinamento, coa solicitude de datos concretos de conexión, actuacións, etc do persoal docente de programas como RefórzaT e ARCO, sen dar pautas previas do que tiñan que facer, é un claro exemplo de como non se debe actuar.

Formación en teledocencia. No curso 2020/21 temos que estar preparados para que, de ser necesario, a teledocencia funcione moito mellor e para iso o profesorado e o alumnado teñen que estar formados, cousa que é imposible facer sen un gran esforzo económico no comezo do curso, dotando os centros de profesorado e outros especialistas que axuden nesta formación. A formación en teledocencia non se pode facer a conta do horario do persoal docente. Quedou claro que esta formación supuxo para todo o profesorado un importante aumento de facto do seu horario laboral nestes últimos meses. Isto fai aínda máis xusta e necesaria a xustificación da redución dos períodos docentes, para poder cando menos trasladar esa carga de traballo, á formación.

O papel da titoría. Temos que potenciar o labor titorial do noso profesorado, xa sexa nunha situación de docencia presencial ou mixta e máis aínda se temos que volver á teledocencia. A administración debe potenciar o labor titorial cunha asignación horaria consoante as funcións que lle corresponden: atención educativa (formación e convivencia), comunicación coas familias, responsabilidade orientadora, presidencia e

coordinación da xunta de avaliación. O profesorado titor ten que ter os medios e recursos, incluída a formación, para intervir e paliar as diferenzas sociais e reforzar ditas funcións nunha situación de illamento. O alumnado tense que ver arroupado e axudado nas posíbeis situacións de illamento. O profesorado ten que ser quen de intervir e paliar as diferenzas da fenda social, sexa presencial ou telematicamente, o cal é aínda máis complicado, e iso só se fai cunha formación e recursos adecuados.

Este reforzo da acción titorial require cambios estruturais na organizacións dos centros, reducindo as ratios e ampliando as horas para atender a coordinación didáctica e a titoría en detrimento das horas lectivas, atendendo á demanda agora máis xustificada que nunca da recuperación do horario lectivo do profesorado que a CIG-Ensino vén demandando desde hai anos e con especial incidencia desde a derogación da norma que impuxo o seu aumento unilateral por parte dos gobernos español e galego. Tamén deben terse en conta especialmente os actuais agrupamentos de reforzo como os PMAR ou a FP Básica que durante o confinamento demostraron ser máis vulnerábeis na teledocencia.

Un novo enfoque curricular e formativo. Rematamos o curso escolar 2019/20 afirmando que é preciso reforzar e recuperar o que o alumnado puido perder no confinamento. O novo curso será necesariamente de adaptación de competencias e aprendizaxes, non só de contidos. Hai que modificar os currículos, facéndoos máis flexíbeis e máis centrados nas competencias e menos, precisamente, no exceso de contidos, partindo das propias particularidades e diferenzas das materias, como por exemplo, nas instrumentais e eminentemente prácticas.. Para iso tamén teremos que cambiar procesos de ensino-aprendizaxe para adaptarnos a unha nova realidade, para o que necesitaremos reforzar a formación do profesorado e o traballo en equipo. Mais iso implica tempo e orzamentos.

Colaboración e participación. Desde a administración hai que fomentar estilos de aprendizaxe colaborativos e participativos. O papel dos centros educativos neste contexto será central: ou conseguimos dinamizalos, con todos os recursos necesarios para facelo, ou perderemos un capital enorme polo camiño: o do papel central do profesorado.

Avaliación. A administración dotará os medios e formación necesarios para que, tanto presencialmente como a distancia, partindo da diagnose, a avaliación sexa continua, formativa, integral e cualitativa, non só cuantitativa, avaliando todo o proceso educativo e os seus elementos. A posíbel falta de probas presenciais específicas de avaliación non debe deixar a ningún docente sen instrumentos de avaliación e orientación. O alumnado ten que ter sempre dereito a unha avaliación conforme a criterios obxectivos con

fundamento na realidade. Desde a dotación de recursos, o papel central na avaliación corresponde ao profesorado. A excepcionalidade do uso de exames non presenciais ten que vir acompañada das medidas axeitadas para garantir a súa transparencia e obxectividade en caso de ser precisa a súa execución mediante a aplicación de ferramentas que lle dean plena validez académica

Protocolos pedagóxicos para a teledocencia ou fórmulas mixtas.

A administración deberá formular propostas de actuación para que se desenvolvan desde os centros e que a interacción co alumando sexa ordenada, simple, eficiente e non sobrecargada. Regulamentación de duración das clases ou compatibilidade ordenada se é imprescindible, de fórmulas mixtas, simplicidade e limitación das ferramentas a empregar deben acompañar a esa necesaria desconexión que formulabamos para o profesorado, mais tamén para o alumnado.

4.- Medidas sanitarias.

Esta medidas que figuran a continuación xa foron presentadas pola CIG-Ensino no Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral da Consellaría de Educación e pretenden ser unha guía das actuacións que a Xunta debería acometer nos centros educativos públicos. A situación actual vén de poñer en evidencia a escasa ou nula relevancia que ten o servizo de prevención de riscos na Consellaría de Educación. Ao tempo tamén se revela como claramente inadaptada á realidade dos centros o actual sistema de comités de prevención que, derivados do actual marco de representación sindical provincial, non permite que exista un ou varios delegados ou delegadas de prevención en cada centro. Un feito que debe ser analizado pola propia administración e os sindicatos con representación nas xuntas de persoal para buscar alternativas a un sistema ineficaz e afastado dos centros, con alternativas como a dotación dun posto de coordinación de prevención nos centros, garantindo unha formación básica a todo ese persoal.

PLAN DE ACTUACIÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS

AVALIACIÓN DE CENTROS GUÍA

Estabelecer as diferentes tipoloxías de centro para fixar avaliacións de riscos, con especial atención a traballadoras e traballadores especialmente sensíbeis.

Así, por exemplo:

- CEIP, EEI, CRA así como CPI e IES de entorno rural.

- ▶ CPI, IES, EOI, EPAPU e Centros de Réxime Especial
- ▶ CIFP e IES nos que se impartan ciclos formativos
- ▶ Centros de Educación Especial

PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA

Estabelecer medidas preventivas en función dos centros guía anteriores, definindo:

- ▶ Medidas correctoras
- ▶ Orzamento
- ▶ Prazos de execución
- ▶ Responsabilidade do cumprimento

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

- Información das medidas preventivas e formación para implementar esas medidas a todo o persoal e alumnado dos centros dirixida polos servizos de prevención coa colaboración de delegados e delegadas de prevención ou de persoal coa suficiente cualificación en materia de prevención de riscos laborais.
- Detección de traballadoras e traballadores sensíbeis e establecemento de criterios de actuación en caso de detección de positivos, sospeitosos de selo ou por teren estado e contacto estreito con contaxiados ou posíbeis contaxiados.
- Aprobación dun Catálogo de medidas preventivas
 - ▶ Desinfección
 - ✓ Xeral. Inicial e semanal por empresas especializadas en función dos centros guía
 - ✓ Parcial: reforzar o servizo de limpeza con desinfección constante das superficies de máis uso, definindo tipo de produtos e procedementos.
 - ▶ De carácter colectivo:
 - ✓ Anteparos, mobiliario de separación
 - ✓ Quendas ou gradación de horarios
 - ✓ Utilización restrinxida de espazos comúns (sala de profesorado, departamentos,..)
 - ✓ Aforo de aulas e salas de usos múltiples
 - ✓ Evitar o contacto con superficies: portas sempre abertas, etc..
 - ▶ De carácter individual:
 - ✓ Solución hidroalcolica para cada traballador/a e colocación de dispensadores para o alumnado.

- ✓ Material de protección específico en función da avaliación de cada posto de traballo cando sexan precisos: (EPI, FFP2, pantalla facial ou máscara segundo corresponda).

PLAN DE CONTINXENCIA EN CADA CENTRO EDUCATIVO

Partindo do Protocolo xeral, cada centro educativo deberá aprobar un plan de continxencia no que se se adapte e se leve ao concreto o protocolo no propio centro e para o seu persoal, identificando a persoa ou persoas responsábeis e remitíndoo ao Comité de Seguridade e Saúde Laboral e ao Servizo de Prevención para coñecemento e control.

4.- Medidas sociais

Hai cuestións que exceden do ámbito puramente educativo e que, desde unha perspectiva do reparto competencial, non se limitan ao papel que deba xogar unha administración educativa.

Algunhas requirirán dun pacto de Estado ou de normativa estatal, moitas dunha necesaria coordinación interdepartamental dentro do goberno galego e outras do traballo conxunto coas administracións locais.

Non é este documento o lugar máis acaído para trazar toda unha serie de medidas de soporte social para facer fronte as desigualdades que o sistema educativo atende a diario e especialmente en escenarios tan convulsos e complexos como os que unha pandemia ou unha emerxencia sanitaria poden resaltar ou facer aparecer. Moitas das necesidades non serían nin sequera produto desta nova realidade senón que xa estaban presentes entre o noso alumnado. Mais agora cobran unha nova dimensión xa que as desigualdades quedaron, se cabe, máis ao descuberto.

Un sistema laboral de costas á conciliación. Os dereitos de conciliación da clase traballadora son moi limitados. A recente extensión do permiso para a outra persoa proxenitora apunta nunha boa dirección mais revélase como absolutamente insuficiente. No ámbito das familias, desde a CIG sempre apelamos a modificacións profundas dos dereitos de conciliación no marco da lexislación laboral que preserven o dereito a ser tutelado e coidado e dos pais e nais, como titores legais, de facer fronte a esas obrigas, sen que isto recaia, como acontece cos coidados no ámbito familiar, nas mulleres senón na corresponsabilidade. Para iso é preciso que situacións extraordinarias como o confinamento ou a suspensión temporal da actividade lectiva presencial poidan contar con permisos retribuídos para un dos membros da unidade familiar.

Dar resposta á fenda dixital, ben sexa por razóns xeográficas como sociais, ten que ser un dos principais obxectivos de calquera plan de continxencias para un novo escenario de educación a distancia. É preciso dotar de conexión a todo o alumnado, mediante políticas que aseguren unha cobertura de banda ampla en calquera punto xeográfico e con prezos que non discriminen a poboación rural.

Será tamén necesario **garantir unha formación básica** para que o todo o alumnado poida seguir, se for preciso, a formación a distancia. Vivimos nunha sociedade altamente dixitalizada mais a experiencia do curso 2019/20 lévanos a concluír que non podemos falar dun alumnado “nativo dixital” no ámbito educativo, como acontece en diferente medida mais tamén con importancia, co profesorado.

Políticas de axuda dirixidas aos alumnado para adquisición do material e da conexión necesarias serán tamén unha obriga das administracións públicas.

Uns servizos complementarios que non discriminen ninguén e sexan garantía de igualdade. Antes da pandemia os **comedores escolares** eran, en moitos casos, a comida principal de parte do noso alumnado. Coa crise económica actual é preciso reforzar este servizo dotándoo con máis medios humanos e económicos que sexan quen de dar conta das necesidades da poboación escolar afectada polas consecuencias económicas da pandemia. Reforzar o carácter público do servizo de comedor e a súa xestión directa por parte da Consellaría revélase novamente nestes momentos como a mellor alternativa fronte a xestións indirectas. Será preciso, tamén, elaborar un protocolo de actuación para facer chegar ao alumnado a comida no momento de repunta do andazo da COVID-19 ou ben as axudas públicas necesarias.

Outro elemento fundamental no noso país, dentro deses servizos complementarios, é o **transporte escolar**. Sobre o transporte é preciso facer unha reflexión con carácter inmediato sobre os riscos da modalidade de transporte combinado hoxe en día moi estendido. Tamén é urxente que se faga un estudo sobre a capacidade da actual rede de transporte ou das posibilidades de ampliación para dar resposta ás probábeis adaptacións que haxa que facer para dar resposta ao distanciamento dentro dos buses. O transporte escolar foi historicamente un claro condicionante dos horarios de moitos centros escolares e podería ser un novo problema no curso escolar 2020/21 ao se xuntar coas propias limitacións que haxa que facer na afluencia simultánea de alumnado aos centros.

Nin sacralizar a teledocencia nin banalizar a educación presencial. Un sistema educativo de calidade, centrado no presencial mais que saiba dar resposta á teledocencia é imprescindible. Un dos erros que se poden cometer como consecuencia das medidas que se deberán adoptar para facer fronte á fenda dixital, é menosprezar os esforzos que debemos asumir para garantir que a presencialidade siga sendo o centro da



vida educativo e que tendamos a ver nas propostas de dixitalización a panacea e o remedio a todos os males do sistema educativo.

Desenvolver un modelo educativo que, ao tempo que manteña a presencialidade como pilar fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe, integre o potencial das TICs mediante o deseño dunha teledocencia de calidade é garantía de calidade integral do sistema. A experiencia da actual crise da COVID-19 ten demostrado que non se pode ter unha teledocencia realmente valiosa se non existen os recursos materiais e humanos para desenvolvela: equipos, redes de comunicación, persoal formado, recursos educativos ben deseñados, etc. Esa mesma experiencia tamén demostrou o papel esencial da presencialidade no noso sistema educativo.

Aprobado pola Consello Federal da CIG-Ensino o 17 de xuño de 2020.